



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILABOA

ANEXOS O
DOCUMENTO DE INICIO

ESTUDO DO MEDIO RURAL E
MODELO DE ASENTAMENTO
POBOACIONAL

1- ESTUDO DE DETALLE DO MEDIO FÍSICO E RURAL (EMR)

INDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
1.1	LOCALIZACIÓN	3
1.1.1	COMUNICACIONES BÁSICAS	3
2	O CLIMA	4
2.1	INTRODUCCIÓN	4
2.2	RÉXIME TERMOMÉTRICO	4
2.3	PRECIPITACIÓN	4
2.4	RADIACIÓN SOLAR	4
2.5	CARACTERÍSTICAS OMBROTÉRMICAS	5
2.6	CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA DE PAPADAKIS	5
3	XEOMORFOLOXÍA	6
3.1	UNIDADES DE RELEVO	6
4	CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS	8
4.1	INTRODUCCIÓN	8
4.2	LITOLOXÍA	8
5	EDAFOLOXÍA	9
5.1	INTRODUCCIÓN	9
5.2	CLASIFICACIÓN DOS SOLOS	9
5.3	CAPACIDADE PRODUTIVA DOS SOLOS	9
6	CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS	11
7	A VEXETACIÓN	12
7.1	INTRODUCCIÓN	12
7.2	A VEXETACIÓN POTENCIAL	12
7.3	AS COMUNIDADES VEXETAIS	12
8	CARACTERÍSTICAS DA FAUNA	16
8.1	METODOLOXÍA	16
8.2	BIÓTOPOS PRESENTES NA ÁREA DE ESTUDO	17
8.3	HERPETOFAUNA	17
9	USOS	25
9.1	INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA:	25
9.2	DISTRIBUCIÓN DE TERRAS: PRINCIPAIS SUPERFICIES E CULTIVOS	25
9.3	FORESTAL	26
10	GANDERÍA	27
10.1	GANDO VACÚN	27

10.2	GANDERÍA OVINA E CAPRINA	27
11	A PAISAXE.....	28
12	VALORACIÓN E IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL	30
12.1	ESPAZOS DE INTERESE NATURAL.....	30
12.2	IMPACTOS.....	31
12.2.1	INCENDIOS FORESTAIS.....	31
12.2.2	EXCESIVA PRESENZA DE EUCALIPTO.....	31
12.2.3	IMPACTOS DAS INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE.....	31

1 INTRODUCCIÓN.

1.1 LOCALIZACIÓN.

O concello de Vilaboa sitúase na zona media occidental da provincia de Pontevedra, ao suroeste de Galicia; conta cun longo e recortado litoral bañado polo Atlántico, que abrangue a metade occidental da Enseada de San Simón que configura o fondo da ría de Vigo, integrada nas Rías Baixas.

Vilaboa ocupa con Marín a posición máis oriental dentro da comarca natural do Morrazo na que se asenta.

Non imos prexulgar aquí ámbito exacto que debe abranguer a Comarca na que se ten que inscribir Vilaboa a efectos do seu encadramento territorial pois iso requiriría dun estudo moito máis extenso e específico, pero dende un punto de vista integral quizais habería que inclinarse por elixir un criterio cultural, xeográfico e administrativo coincidente coa actual delimitación dos Partidos Xudiciais que teñen como centro Cangas e Marín, abrangendo toda a Península do Morrazo. Así pois, encadraríase aquí a Vilaboa dentro do conxunto territorial composto polos termos municipais de Bueu, Cangas, Marín, Moaña e Vilaboa. A súa relación litoral articúlase fundamentalmente a través das estradas N-554 e N-550 que van percorrendo toda a franxa costeira, marcando un punto singular no seu encontro no fondo da ría, a partires de cando a N-550 segue cara o Norte como vía de relación coa capitalidade provincial e punto básico de comunicacións co resto de Galicia.

Ese basto territorio pechado no val que conforma a Enseada de San Simón ten unha orientación básica a nacente, coa Serra de Domaio ás costas, que lle impide deleitar das postas de sol marítimas a pesares de situarse nunha das portas do Atlántico.

Linda co concello de Pontevedra ao norte e ao leste, co de Marín tamén ao norte-noroeste, con Moaña ao oeste e coa ría de Vigo e co río Verdugo ao sur. Vincúlanse tamén ao seu territorio algúns illotes no interior da Enseada de San Simón, como unha das illas Alvedosas, e algúns outros próximos á costa de menor entidade.

A extensión da bisbarra así concibida sería de 17.277 Ha., que vén supor un 3,85 % do total provincial. A poboación, con todo, é máis densa. A comarca tiña unha poboación de dereito en 1996 que acadaba as 83.887 persoas que representan o 9,16 % do total provincial. A razón do peso demográfico hai que buscala como dicimos, na elevada densidade poboacional desta comarca: 485,54 habitantes/Km², aínda que é preciso aclarar que ese dato varía notoriamente duns concellos a outros. Nos concellos máis urbanos a densidade é maior: Marín 673,9 hb/Km²; Cangas 609,7; Moaña 503,9; Bueu 409,06, contrastando cos 152,8 hab/Km² de Vilaboa, que é o único concello onde non se dá o fenómeno urbano.

Por último, no proceso de comarcalización encetado pola Xunta e máis concretamente no Mapa Comarcal de Galicia aprobado por Decreto 65/1997, de 20 de febreiro (DOG de 3/4/1997) Vilaboa intégrase na Comarca denominada "*Pontevedra*", xuntamente cos concellos de Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Poio, Ponte Caldelas e Pontevedra.

Para a configuración dunha comarca así utilizouse un criterio xeográfico ambiguo, desbotando as relacións de todo tipo, establecidas entre Vilaboa e os concellos litorais lindeiros situados da outra banda da Serra de Domaio, na península do Morrazo.

Independentemente do xuízo que nos mereza a división feita, coidamos que é preciso ter en conta a delimitación legal comarcal. Mais tamén entendemos que sería un erro non considerar esoutro ámbito máis próximo e axeitado que é o conxunto da Península do Morrazo.

1.1.1 COMUNICACIÓNS BÁSICAS.

O municipio está atravesado de norte a sur pola estrada nacional N-550, a vía férrea A Coruña-Vigo, a autopista do Atlántico e a estrada nacional N-554 que vai bastante paralela cara ao sur pola beira da Ría. Tamén ten comunicación entre os distintos lugares do municipio mediante estradas locais e pistas forestais.

Conta o municipio con dous portos: o de San Adrián de Cobres e o de Santa Cristina de Cobres e un espigón no lugar dos Caralletes.

2 O CLIMA.

2.1 INTRODUCCIÓN.

O termo municipal de Vilaboa está encadrado no dominio climático Oceánico húmido con tendencia árida, propio das Rías Baixas. Este dominio climático caracterízase polas elevadas precipitacións concentradas no inverno, a débil oscilación térmica, a suavidade das temperaturas e o déficit hídrico estival.

O mar exerce unha acción lene do clima, reducindo a diferenza entre temperaturas estivais e invernaís. Os ventos do norte arrastran no verán as augas superficiais quentes, permitindo o afloramento das augas frías ricas en nutrientes. Debido á súa baixa temperatura estas augas non forman nubes e son as responsábeis da seca estival das Rías Baixas.

Para o presente estudo empréganse os datos procedentes do observatorio meteorolóxica de Lourizán, de coordenadas xeográficas lonxitude 08.39.35 W e latitude 42.24.50 N situado a 60 metros de altitude.

2.2 RÉXIME TERMOMÉTRICO.

Os caracteres principais do ambiente atmosférico están ligados estreitamente á influencia do océano. O mar limita as oscilacións térmicas estacionais e diúrnas e subministra humidade abundante ás masas de aire.

A temperatura media anual rexistra valores superiores a 14° C. Esta banda térmica queda comprendida entre as isothermas de 14° C e 15° C.

O inverno:

Os meses máis fríos rexistran unhas temperaturas medias mensuais entre 9 e 10 °C; a media é 9.4° C; isto confirma a suavidade térmica do litoral.

O verán:

A temperatura media do mes máis cálido supera os 19 ° C e algúns anos os 20° C, que se acadan no mes de agosto.

As variacións interanuais:

As variacións térmicas interanuais da temperatura son moi débiles debido ao constante efecto amortecedor do océano ao longo do ano.

As temperaturas extremas:

Os valores medios e absolutos das temperaturas extremas, importantes para determinar os límites críticos do desenvolvemento da vexetación e para apreciar o grao de influencia oceánica, confirman que están por riba dos 3 ° C de temperatura media das mínimas- inverno suave. Durante os meses máis fríos a temperatura mantense suave en toda a costa, o que resulta importante porque unhas condicións tan benignas non provocan o reposo invernal da vexetación.

2.3 PRECIPITACIÓN.

O Atlántico suaviza as oscilacións térmicas diúrnas e estacionais, pero ao mesmo tempo alimenta en vapor de auga as masas de aire que asociadas aos sistemas perturbados, determinan un ceo moi nubrado e choiva abundante.

Así as precipitacións medias anuais atópanse por riba dos 1600 l/m². As precipitacións preséntanse todo o ano. Os meses máis chuviosos son novembro, decembro e xaneiro e os máis secos xullo e agosto. No ritmo estacional da precipitación é o verán a estación máis seca, e os máximos de precipitación corresponden o inverno, ao que segue o outono e a primavera.

2.4 RADIACIÓN SOLAR.

A península do Morrazo é unha zona cunha radiación solar que acada unha media anual de 320 cal/cm²/día. A radiación concéntrase sobre todo nos meses de verán.

2.5 CARACTERÍSTICAS OMBROTÉRMICAS.

Son aquelas que relacionan a temperatura e a precipitación. Para expresar estas relacións empregaremos o diagrama de Gausen e o climodiagrama. O primeiro estuda as relacións entre a pluviosidade e a temperatura, considerando como meses secos aqueles nos que as precipitacións teñen un valor menor que o dobre da temperatura mensual, polo cal as escalas verticais empregadas son distintas. A intensidade e duración da seca estímase valorando a área na que a curva das precipitacións fica por baixo da curva de temperatura.

En base ao diagrama de Gausen, apréciase como existe período de seca estival que se prolonga nos meses de xuño, xullo e agosto.

O climodiagrama é unha forma gráfica na que se representan, nun sistema de coordenadas cartesianas, as precipitacións e as evapotranspiracións potenciais medias dos meses do ano.

2.6 CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA DE PAPADAKIS.

Este sistema de clasificación caracteriza o clima dende o punto de vista agroecolóxico.

Segundo esta clasificación, o municipio correspóndese cun tipo de inverno "*Citrus*" e un tipo de verán "*arroz*". O tipo climático a que pertence o municipio segundo esta clasificación é de Mediterráneo marítimo. Tipo climático onde sen rego poden cultivarse cereais, fabas, vides, figueiras, e con rego son climas excelentes para froiteiro caducifolios e cultivos hortícolas.

3 XEOMORFOLOXÍA.

3.1 UNIDADES DE RELEVO.

A configuración topográfica de Vilaboa ascende dende o nivel do mar ata alcanzar as máximas alturas na Serra de Domaio.

En xeral pódese dicir que se trata dun territorio bastante accidentado, con ladeiras de fortes pendentes e unha topografía chaira en partes dos vales da franxa litoral. Así no territorio diferéncianse os montes da Serra de Domaio e as fértiles terras ribeiregas percorridas polos cursos de auga que forman vales de pronunciada pendente no nacemento e moito máis abertos nas partes baixas.

As principais alturas con máis de 500 metros corresponden á serra de Domaio, onde está a máxima altura do municipio no cume de Coto Redondo 536 metros ao oeste do municipio e ao leste os cumes de Pedra Miranda e Chan da Laxe entre 190 e 330 metros.

No mapa de pendentes naturais do terreo a maior parte do municipio ten pendentes do 15 ao 30%, onde atopamos os principais vales, aumentando ata o 30 ou 45 %o nas ladeiras da serra de Domaio, así como tamén aparecen zonas chairas con pendente menor do 3% e tamén pendentes do 3 ao 7 e do 7 ao 15%, na zona da Depresión Meridiana.

- Xeomorfoloxía

O territorio de Vilaboa sitúase na Península do Morrazo, no macizo granítico do Morrazo na marxe dereita da Ría de Vigo, dende o estreitamento de Rande ata o fondo da Ría. Cara ao norte e leste penetrase o municipio pola Depresión Meridiana.

O esquema xeomorfolóxico, que son as diferentes formas que compoñen a paisaxe, son o resultado de moi diversos procesos, que en moitas ocasións se solapan no tempo.

A formación da Ría de Vigo, a máis longa de Galicia (33 Km de lonxitude), produciuse ao final da Era terciaria, polo afundimento dun gran bloque litoral aproveitando as fracturas abertas na Oroxénese Alpina. Seguidamente o mar invadiu esta depresión e o nivel das augas chegou a súa cota actual fai aproximadamente 12.000 anos.

A Enseada de San Simón onde Vilaboa ten o seu litoral é un entrante logo do Estreito de Rande ao final da Ría de Vigo .

Dende o punto de vista biolóxico a Ría de Vigo presenta un valor excepcional. Fronte a ela afloran augas oceánicas profundas, moi ricas en nutrientes, responsábeis do crecemento dos importantes bancos marisqueiros da Enseada de San Simón.

A Península do Morrazo é un bloque granítico, levantado tamén a finais do Terciario, que culmina a 622 m de altura no Faro Domaio situado en Moaña ao sur de Coto Redondo, sendo Coto Redondo (536 m) o segundo cume máis alto da Península do Morrazo, e a máxima altura de Vilaboa.

O pico Coto Redondo atópase ao sur da lagoa artificial, rodeado de eucaliptos e piñeiros bravos. É un magnífico miradoiro sobre as rías de Vigo, Pontevedra e en días claros, Arousa, coñecéndose tamén como Miradoiro das Tres Rías.

A Depresión Meridiana tamén coñecida como fosa Blastomilonítica é unha fosa chan e estreita, de orixe tectónica, que se estende ao longo de 130 km entre Carballo (A Coruña) e Tui (Pontevedra), e que serve de canle natural para os eixos de comunicacións da Galicia occidental.

Todo o fronte litoral do municipio está caracterizado por unha morfoloxía de entrantes e saintes, con pequenas enseadas e cabos.

- Riscos xeomorfoloxicos de Vilaboa:

- Praias:

Os areas onde se produce unha acumulación importante tanto de orixe inorgánico (minerais procedentes da alteración das rochas) como orgánicos (conchas). As principais praias son: a praia de Deilan e a praia de Pousada. Xunto con tramos de costa con pequenas acumulacións de area que quedan ao descuberto coa baixamar.

- Marismas:

No fondo da ría temos as marismas de Vilaboa, entre os lugares de Paredes e Toural, parte delas nas antigas salinas. As marismas son enclaves privilexiados onde conviven terra, auga doce e auga salgada. As condicións variables de humidade, salinidade e profundidade favorecen a aparición de diversos tipos de plantas superiores, algas e fitoplacton.

As marismas son un medio moi rico onde só se consume o 50% da materia orgánica producida. A metade restante ten varios usos: serve para alimentar a moitas aves, alimentar as crías dos peixes que desovan nas marisma, e as grandes mareas levan parte das excedencias contribuíndo á nutrición de peixes e invertebrados mariños.

- Cantís :

Os cantís son as escarpas de erosión que permanecen sempre emerxidos. Temos os principais tramos rochosos entre Punta Pereiró e Punta Cabalo, Punta Corniche formando un promontorio ata a enseada de Larache, cara ao norte a costa segue sendo acantilada dende Punta de Xundico ata as marismas, e dende as marismas temos outro promontorio con dúas puntas: Punta de Castelo e Punta Ullo, que forman tamén a enseada de Vilaboa.

- Enseadas e puntas:

Enseadas e puntas percorren todo o litoral do fondo da ría de Vigo.

- A Serras e os vales:

A serra de Domaio é unha serra granítica onde o carácter montañoso é dominante, podéndose diferenciar serras e vales. Os vales son todos eles moi fértiles, salientando o val norte sur (Val que vai pola depresión meridiana) polo cal percorre o río Tomeza, onde os depósitos cuaternarios fan un val moi fértil.

4 CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS.

4.1 INTRODUCCIÓN.

Temos no municipio rochas metamórficas pertencentes ao Complexo Cabo de Home- A Lanzada que presentan formacións rochosas variables constituídas por xistos, que presentan xeralmente unha alteración superficial arxilosa de escaso espesor e descontinuidade dada a marcada esquistosidade dos afloramentos na dirección N-S, buzando o O, e rochas ígneas: granitos de dúas micas de tendencia leucocrática que nunca presentan hornblenda o piroxeno.

4.2 LITOLOXÍA.

A composición xeolóxica predominante é o granito de dúas micas.

Tamén aparecen depósitos sedimentarios con depósitos cuaternarios aluviocoluviais, de marisma e de praia. Son depósitos formados por partículas pequenas, produto do gran desgaste sufrido durante o longo camiño que foron obrigadas a percorrer. Na súa composición atópanse as arxilas de orixe químico, así como areas e limos de procedencia puramente física.

Como é sabido o material de partida é de gran importancia na formación dos solos xunto a todas as modificacións posteriores que sofren debidas a factores externos, consistentes na meteorización física, química e biolóxica, xunto á climatoloxía que sempre entra nas transformacións que se realizan.

5 EDAFOLOXÍA.

5.1 INTRODUCCIÓN.

De modo xeral, o clima moi húmido deste sector orixina solos cun elevado contido en materia orgánica. A topografía, que repercute no grao de evolución do perfil e da profundidade da mesma, está dominada polas pendentes, onde podemos ver solos que parten dun desenvolvemento moi pequeno na parte elevada das pendentes ata solos profundos do tipo *cambisol* nos fondos dos vales.

Efectúase a continuación unha análise dos diferentes tipos de solos existentes na zona coa influencia da rocha nai e a análise dedutiva das consecuencias de cada tipo de solo.

5.2 CLASIFICACIÓN DOS SOLOS.

Os principais solos do municipio son:

Solos sobre sedimentos cuaternarios que poden ser o fluvisol umbricos e cambisol fluvisoles humigléricos, nas ribeiras do río Tomeza e fluvisol tíonico e sálico nas marismas.

Solos sobre materiais graníticos: son moi abundantes os leptosol aluminico de escaso espesor, asociados a pendentes 30-45 % nalgúns casos con afloramentos rochosos. Solos de máis espesor son os cambisol, que atópanse nos fondos dos vales.

Solos sobre xistos: Nas zonas escarpadas son leptosol aluminicos e se a erosión non é moi forte debido sobre todo ás menores pendentes aparece un cambisol pouco profundo.

En xeral temos solos incipientes e pouco evolucionados nas montañas e solos máis profundos nos vales, así como solos sobre sedimentos cuaternarios, nas beiras dos ríos máis importantes e na zona das marismas.

5.3 CAPACIDADE PRODUTIVA DOS SOLOS.

Para a realización deste capítulo empregamos a información cartográfica e estatística contida no estudo "Capacidad productiva e los suelos de Galicia" realizado por Diaz-Fierros Viqueira e Gil Sotres (1984). Neste estudo aplícase a metodoloxía da F.A.O. de avaliación de terras, obtendo un mapa de Galicia a escala de síntese 1:200.000, empregando datos xa existentes (información xeolóxica, topográfica, termoplúvimétrica, fotografía aérea, traballo de campo, etc.). Trátase dun estudo dos solos en función dos factores que o limitan, permitindo obter unha información aproximada das posibles alternativas de uso das terras. E facer interesantes comparativas cos usos reais das terras.

Na metodoloxía selecciónanse unha serie de propiedades e calidades da terra, agrupadas en clases para a súa posterior representación cartográfica, elaborándose unha lenda composta de catro claves; os dous primeiros símbolos son letras maiúsculas e os dous seguintes son números árabes. A estes pódese engadir un quinto símbolo que designa unha posible toxicidade do solo.

O primeiro símbolo (letra maiúscula do A ao G), define as posibilidades de mecanización, enraizamento e risco de erosión. O segundo (letra maiúscula L, M, P, T ou N) indica o período de temperaturas útiles para o crecemento das plantas. Ámbolos dous símbolos son calidades moi dificilmente mellorables. O terceiro símbolo (número do 1 ao 9) define o exceso ou déficit de auga no solo, considerándose unha calidade que permite un certo grado de mellora. Por último o cuarto símbolo (número do 1 ao 5) indica a dispoñibilidade potencial de nutrientes, considerándose que admite grandes posibilidades de mellora.

A continuación analizamos as calidades da terra do municipio de Vilaboa seguindo esta metodoloxía.

Polo que se refire ás clases de terra segundo as súas calidades "moi dificilmente modificables", o municipio conta cun 19 % de terras da mellor calidade, fronte a unha porcentaxe 81 % (terras das Clases D, E, F e G), que presentan distintos problemas para a mecanización, como son fortes riscos de erosión, afloramentos rochosos, excesivas pendentes, problemas de enraizamento, etc.

Polo que respecta ás clases de solo, segundo o período de risco de xeadas, temos en Vilaboa un predominio das terras da clase L (zonas nas que o risco de xeadas é menor a 3 meses), que reúne ao 79.4 % das terras do municipio.

O restante o 20.6% pertence á clase M. En canto ás clases de solo segundo o réxime hídrico, o grupo principal

corresponde aos das clases 6 a 8, correspondendo o 94 % dos solos; sendo todos eles solos ben drenados, e o 6 % dos solos restantes son solos somexidos ou con submersión case permanente (Solos tipo marsh)

Por último, e polo que se refire ás clases de solo segundo a dispoñibilidade de potencial de nutrientes, o 94% dos solos son da clase 4 (con dispoñibilidade potencial de nutrientes mala, cunha saturación do 15 % ao 7 % e un pH de 4,5 a 5,0). O 6% restante son solos hidromorfos, con toxicidade pola salinidade, estando nas zonas influidas polas mareas.

Unha vez analizadas as distintas calidades das terras, débese ter en conta que é a conxugación delas nun mesmo solo, o que dá lugar a diferentes calidades e distintas capacidades produtivas.

Podemos distinguir tres clases de terras:

- Terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros¹

As terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros representan 1431.9 hectáreas, o que supón o 38.1 % da superficie do municipio. É unha cifra bastante alta, e comprobouse como son bastantes as terras cultivadas na actualidade neste municipio.

- Terras de aptitude forestal²

As terras de aptitude forestal representan 1829.8 hectáreas, o que supón o 48.7 % das terras.

- Terras de monte non arboradas so utilizable para monte baixo, mato e improdutivo³ chamado monte inculto.

As terras de monte non arboradas representan 267.9 hectáreas, supondo o 7.1% das terras. A estas terras podémoslle engadir 224.8 hectáreas de terras con toxicidade por salinidade. É a zona de marisma.

¹ Sumatoria dos grupos (A,B,C,*C,*D)

² Sumatoria das seguintes clases de terras da op.cit de Fierros e Sotres:

- da clase D as 4,5,7,8,9
- as mesmas da clase *D
- Toda a clase F (agásFT)
- ibidem da clase *F
- todas as clases E e *E
- da clase G só a GM

³ Sumatorio:

- todas as terras FT
- todas as G agás as GM

6 CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS.

A rede hidrográfica de Vilaboa debido ao carácter sumamente impermeable das rochas, máis as elevadas precipitacións, dan lugar a unha forte escorrentia que dá lugar a ríos e regatos caudalosos no inverno.

Os principais ríos e regatos de Vilaboa de oeste a este son:

Un pequeno río que nace en Pousada a 150 m e desemboca en San Adrián de Cobres. Paralelo ao anterior percorre o río Maior, o máis importante do municipio, cun percorrido máis longo e un caudal máis importante. Ten a súa orixe no monte Castiñeiras na serra de Domaio, como resultado da unión de varios regatos, ten tributarios por ámbalas dúas marxes formando un río de tipoloxía detrítico que forma un amplo e fértil val, desembocando na praia do mesmo nome.

Paralelo ao anterior temos o regato de Entrecostiñas, que nace a 125 m de altitude e baixa moi pouco encaixado na aba oeste do val.

O río Tuimil que nace ao oeste da Serra do Morrazo na xuntanza de dous regatos cara o fondo da ría, formando as marismas de Vilaboa. Ás marismas chega tamén un regato que vai paralelo á costa de oeste a este e desemboca na marisma. Estes ríos forman un fértil val de regadío.

No municipio tamén nace e percórreo o Río Tomeza, polas parroquias de Bertola e Figueirido, saíndo do municipio e desembocando na ría de Pontevedra. O río Tomeza nace en Coto Loureiro ao leste do municipio. Este río percorre pola Depresión Meridiana formando un val moi fértil.

Tódolos ríos do municipio forman vales de regadío.

7 A VEXETACIÓN.

7.1 INTRODUCCIÓN.

En termos xerais a vexetación natural do municipio atópase bastante alterada como consecuencia das actividades humanas, con escasos enclaves naturais, sendo as formacións vexetais de maior interese as adaptadas á influencia da auga, tanto doce como mariña: ripisilvas, vexetación de marismas, praderías mergulladas.

7.2 A VEXETACIÓN POTENCIAL.

O concello de Vilaboa sitúase no ámbito bioxeográfico da Rexión Eurosiberiana, na Provincia Cántabro- Atlántica. Sector Galaico-Portugués, Subsector: Miñense. Estando o municipio no piso climático termocolino (Temperatura media >14°C) e ombroclima hiperhúmedo (precipitación > 1400 l/m²).

O bosque climático do municipio, seguindo o esquema sistémico da fitosocioloxía, pertence a asociación forestal: *Rusco aculeati- Quercetum roboris subasoc. Quercetosum suberis*, que é unha carballeira de carácter termófilo e influencias mediterráneas. É dicir un bosque mixto caducifolio, con dominio de carballos, entre os que deberían estar presentes as sobreiras (*Quercus suber*), érbedos (*Arbutus unedo*) e loureiros (*Laurus nobilis*).

O bosque caducifolio debería ser o bosque predominante no territorio, agás nas zonas de marismas, praias, acantilados, ríos e cumes con solos esqueléticos, onde o bosque por múltiples factores non se podería instalar.

Na actualidade, case non quedan testemuñas deste bosque natural, ao estar maiormente substituído por cultivos forestais de eucaliptais e piñeirais e polos terreos de cultivo. Aínda que en moitas parcelas de repoboacións forestais, sobre todo cando se abandonan as actividades de limpeza, ou nos claros e bordos das repoboacións, crecen rebrotes das especies típicas do bosque caducifolio, como son *Quercus robur*, *Laurus nobilis*, *Pyrus cordata*, *Salix sp.* É no sotobosque das repoboacións onde se poden atopar especies arbustivas, como *Cytisus striatus*, *Hedera helix*, *Lonicera periclymenum*, *Rubus sp.*, *Ruscus aculeatus*, e herbáceas como *Briza maxima*, *Briza minima*, *Digitalis purpurea*, *Lithodora postrata*, *Silene sp.* *Rubia peregrina*, entre outras. Plantas moitas delas características das carballeiras.

Xunto ás carballeiras os outros bosques naturais que poden asentarse no territorio son as comunidades riparias (bosques seriais ribeiregos) Os deste territorio pertencen á asociación forestal: *Senecio bayonensis- Alnetum glutinosae*, que é un ameneiral ripario claramente termófilo e de influencia mediterránea. Ameneiral do que aínda quedan bosquetes nalgúns tramos dos ríos e regatos do municipio.

A continuación transcribimos un parágrafo de IZCO SEVILLANO (Departamento Bioloxía Vexetal. Universidade de Santiago de Compostela), onde comprobamos que a perda destes bosques é lamentablemente é común en todas as Rías Baixas.

A presión e explotación dos bosques colinos e termocolinos foi moi intensa; os bos solos que proporcionaba foron utilizados para prados. Como fonte enerxética non existiu outra para o humano ata épocas moi recentes. E desapareceron case por completo. Existen parcelas de zonas arboradas á beira dos ríos ou nalgunha planicie, pero practicamente non queda nada coa extensión e as características adecuadas para falar de bosque colino e termocolino.

7.3 AS COMUNIDADES VEXETAIS.

- As carballeiras

En Vilaboa, como xa explicamos no apartado anterior, non queda ningunha carballeira que poida recibir tal nome, agás quizais a que se sitúa en Sobreira, preto do nacemento do Río Maior. O que si podemos atopar son algunhas parcelas con carballos, por exemplo na parroquia de Figueirido, nas proximidades da igrexa, ou algúns pés soltos, tanto de carballo como castiñeiros e mesmo algunha sobreira nos bordos, claros e no interior das repoboacións de eucaliptos e piñeiros bravos, tamén mesturados coa vexetación de ribeira e formando sebes entre cultivos.

Tamén aparecen pés soltos de carballos e castiñeiros, sobre todo nas áreas recreativas do municipio.

Subliñamos a área recreativa da lagoa de Castiñeiras (a lagoa é unha represa artificial de varios regos), onde atopamos unha maior diversidade forestal: carballos (*Quercus robur*), sobreiras (*Quercus suber*), salgueiros (*Salix atrocinerea*), amieiros (*Alnus glutinosa*) e bidueiros (*Betula celtiberica*) que sobreviven entre plantacións de eucaliptos e piñeiros, xunto a exemplares repoboados de carballos americanos (*Quercus rubra*), cipreses (*Cupressus sp.*), e outras moitas árbores que foron plantadas na década dos 50, cando se fixo a lagoa. Neste parque pódense observar moitas especies arbóreas, e dispón dunha senda didáctica por onde se poden contemplar as ditas especies con carteis identificativos.

- Os bosques de ribeira ou ripisilvas

Os bosques ribeiregos ou ripisilvas están presentes nas marxes de varios cursos fluviais do municipio. A vexetación de ribeira é un ameneiral. Estes bosques están formados por especies caducifolias. A máis común é o amieiro (*Alnus glutinosa*), que enriquece o solo con nitróxeno, secundado por salgueiros (*Salix atrocinerea*) e, en menor medida freixos (*Fraxinus angustifolia*), saúcos (*Sambucus nigra*), carballos (*Quercus robur*), abeleiras (*Corylus avellana*) e sanguíños (*Frangula alnus*). Estas árbores poden acompañarse dun mato escambrón (*Crataegus monogyna*), silvas, plantas rubideiras como a hedra, dentabrún (*Osmunda regalis*) e outros fentos.

No regato de Cidral e bordeando a marisma aparece un bosquete de ribeira, quizá o de maior esplendor do municipio, aínda que como é xeral neste municipio, tamén aparecen pés de eucalipto invadindo o ameneiral. Neste bosquete atopamos amieiros (*Alnus glutinosa*) de bo porte xunto a salgueiros (*Salix atrocinerea*), vimbieiras (*Salix viminalis*), algunhas abeleiras (*Corylus avellana*) e sanguíños (*Frangula alnus*). E no solo húmido medran silvas (*Rubus sp.*), plantas rubideiras como as hedras (*Hedera helix*), e unha boa diversidade de herbáceas como son o *Carex sp.*, *Iris sp.*, *Polygonium sp.*, *Fallopia convulvulus*... E varias especies de fentos, entre os que destacan pola súa abundancia: Dentabrún (*Osmunda regalis*), fento femia (*Athyrium filixfemina*), *Polistichum seriferum* ou *Dryopteris filix-mas*.

Os bosquetes ribeiregos teñen unha especial importancia ecolóxica, posto que contribúen a mellorar a calidade das augas, evitando a erosión das ribeiras e subministrando sombra, alimento e refuxio para unha numerosa comunidade de organismos.

Os ameneirais constitúen o tipo de bosque que presenta maior diversidade de especies vexetais no territorio e tamén son moitos os animais que neles habitan ou teñen refuxio. Polo que podemos dicir que a vexetación de ribeira presenta unha alta biodiversidade, tanto de seres vivos como das súas relacións.

Polo que unha das prioridades no ámbito da conservación do territorio que nos ocupa é, non só a conservación, senón tamén a restauración das ripisilvas.

- As Repoboacións

As principais formacións forestais corresponden a eucaliptais e piñeirais, tanto en masas puras como mixtas. Sendo as primeiras as maioritarias.

As plantacións de eucaliptais presentan unha expansión vertixinosa, apoiada xeralmente polos moi frecuentes incendios forestais, que asolan implacablemente na época de baixa pluviosidade e ventos secos, dende xullo a outubro, toda a Península do Morrazo, ao ser estas especies pirófitas, é dicir o lume axuda a xerminalas.

Podemos dicir e afirmar que as ladeiras da Península do Morrazo están invadidas polas repoboacións de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), ocupando grandes extensións, tanto nas fortes pendentes da montaña como xunto á costa. Estas repoboacións son por tanto un impacto negativo para o solo, a vexetación e a paisaxe.

Aínda que maioritariamente a especie de repoboación é o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), tamén aparecen repoboacións de piñeiros bravos (*Pinus pinaster*), piñeiros americanos (*Pinus radiata*) e acacias mouras (*Acacia melanoxylon*).

Sendo as plantacións de piñeirais maioritariamente de piñeiro bravo (*Pinus pinaster*), e en moita menor extensión piñeiro americano (*Pinus radiata*), as masas son de moi diversas densidades e a gran maioría dos piñeirais son masas mixtas con eucaliptos.

- As matogueiras

O termo matogueira engloba un amplo grupo de plantas leñosas non arbóreas, cunha altura que vai dende algúns centímetros a varios metros. A maioría dos matos aparecen pola intervención humana, queimas, cortas, pastoreo, abandono de campos de cultivo, etc., favorecen a súa extensión. As matogueiras presentes neste territorio orixinanse por degradación.

Destacan as toxeiros da asociación *Ulici europaei- Ericetum cinereae*, da que son especies características o toxo (*Ulex europaeus*) e os breixos (*Erica cinerea* e *Erica umbellata*). En cultivos e prados abandonados fórmanse matogueiras das xestas: *Cytisus striatus* e *Cytisus scoparius* e en menor medida silvas (*Rubus sp.*)

Tamén nun bordo da marisma temos unha toxeira halófito de porte baixo, adaptada a vivir nestas condicións ecolóxicas con *Ulex europaeus* e *Cistus salvifolius*, aínda que estas comunidades tamén están alteradas pola presenza de eucaliptos.

- Vexetación de marisma

Vilaboa ten na zona da desembocadura do regato de Sidral e do regato de Villil unha zona de marisma nun aceptable estado de conservación. Ambos os dous regatos aportan as augas que se encharcan e trala orla de bosque riparia conforma unha marisma que comunica coas salinas do Val de Ulló. Salinas que se explotaron ata o século pasado, quedando na actualidade interesantísimos restos das represas e das cubetas.

Esta marisma presenta unha superficie aproximada de 2.4 Km²

A vexetación da marisma responde ás características fisicoquímicas do substrato, sometida a asolagamentos periódicos e oscilacións das mareas. As diferentes comunidades vexetais aséntanse na marisma, en función das diferentes condicións ambientais. Cada unha destas comunidades ten unha ampla importancia ecolóxica específica e complementaria. Así temos bandas de carrizos (*Phragmites australis*) e de canas (*Arundo donax*), bordeadas por xuncos (*Juncus sp.*) e *Scirpus pungens*, abundando tamén a amenta de lobo (*Lycopus europaeus*).

Nas instalacións das salinas atópase unha zona onde dominan herbeiras halófitas como o *Limonium serotinum*, a *Suaeda maritima* ou a Berdolaga mariña (*Halimione portulacoides*).

Cara ao mar nas zonas mergulladas e sen correntes aparece a seba (planta con flores semellante a unha alga). Son extensas planicies intermareais, que na baixamar deixan ao descuberto estas praderías submarinas. Como típica zona de estuario as planicies intermareais son fangosas e están cubertas de Seba (*Zostera mariña*)

Tamén as comunidades de algas son importantes, citaremos as comunidades de *Pelvetia canaliculata* e *Ascophillum nodosum* nas beiras dos Illotes de As Alvedosas, así como son abondosas as algas verdes (*Enteromorpha spp.* e *Ulva rigida*)

É importante lembrar que todo o interior da Ría de Vigo, dende o Estreito de Rande nunha ampla enseada: a Enseada de San Simón, está catalogada como Rede Natura 2000 dunha extensión de 1.916 Has incluíndo a Illa de San Simón que é en realidade dous illotes unidos por unha pequena ponte onde atopamos unha vexetación arbórea de especies ornamentais onde salientan polo seu porte os buxos (*Buxus sempervirens*), atopándose os dous illotes das Alvedosas sen vexetación arbórea.

- Cultivos

En xeral, os cultivos atópanse nas terras baixas e menos accidentadas dos vales; se ben tamén temos nas ladeiras máis pronunciadas dos vales cultivos en bancais, e pequenas extensións cultivadas nas partes máis altas arredor das aldeas e casas, estando tanto a súa forma como tamaño moi condicionada polo relevo.

Se ben, como en toda Galicia, unha parte importante das explotacións teñen como finalidade o autoconsumo, outras explotacións sobre todo as vides, o millo e o cereal de inverno dedícanse á venda.

A alternativa de cultivo en xeral é: sementeira de millo na primavera, seguida de raigrás italiano, gramínea destinada á forraxe verde para o inverno que ocupa a terra ata a primavera seguinte, cando se bota de novo o millo.

A pataca está presente en explotacións de reducidas extensións.

Os cultivos en socialcos que consisten na acumulación de terras de forma graduada, de xeito que se fan cultivábeis zonas con pendente 3-4, que doutro xeito ofrecerían moitas dificultades para o cultivo. Os solos dos socialcos adoitan utilizarse para o cultivo da vide. Na actualidade estanse plantando cepas novas de uva para facer "albariño".

Tamén son moitas as árbores froiteiras diseminadas nos lindes das terras de labor e nas hortas das casas. Limoeiros, pereiras, círolos...

8 CARACTERÍSTICAS DA FAUNA.

8.1 METODOLOXÍA.

Para a realización dos estudos faunísticos, con valores estatísticos significativos, é necesario prolongar o estudo durante varios anos, debido ás características propias da fauna, fundamentalmente a súa mobilidade e os seus hábitos. A súa mobilidade, provoca que a presenza dunha especie nunha área poida deberse a que efectivamente é unha zona propia da distribución da especie ou ben estean de paso. Por último as especies poden habitar unha zona de xeito continuo de modo circunstancial, como área de sesteo, caza ou cría.

Por outro lado, os seus hábitos poden dificultar a súa observación como é o caso dos animais con hábitos nocturnos ou subterráneos ou ben tratarse de especies migratorias que só están presentes uns meses ao ano en tempadas concreta (caso de moitas aves).

Por todo isto foi necesario recorrer á información bibliográfica de valor estatístico, utilizándose fundamentalmente o *Atlas de Vertebrados de Galicia*⁴ e os *Censos Invernais de aves acuáticas de Galicia*⁵.

Unha vez coñecida a composición faunística cualitativa (e cando é posible a cuantitativa) procedeuse a estudar os hábitats idóneos para cada unha das especies de presenza probable na área de estudo.

Por último, para valorar a importancia da fauna, empregáronse dous criterios: O primeiro é a presenza de endemismos, e o segundo é que se atopen incluídos nos catálogos das seguintes normativas de protección:

- "CATÁLOGO NACIONAL DE ESPECIES AMEAZADAS" (Real Decreto 439/90 e a orden 10 de marzo de 2000 que actualiza dito catálogo). Este catálogo clasifica as diferentes especies ameazadas en dous anexos:

Anexo I: Especies en perigo de extinción

Anexo II: Especies de interese especial

- REAL DECRETO 1997/1995 de ESPAZOS NATURAIS. Este Real Decreto establece as medidas para contribuír a garantir a biodiversidade, mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre. Este Real Decreto é a transposición ao Estado Español das Directiva 92/43/CE, relativa á conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres e das directivas 79/409 e 91/409/CE sobre a conservación de aves silvestres. O Real Decreto establece con relación á fauna os seguintes anexos:

Anexo I Tipos de hábitats naturais de interese comunitarios para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.

Anexo II Especies animais e vexetais de interese comunitarios para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.

Anexo IV Especies animais e vexetais de interese comunitarios que requiren unha protección estrita.

- CATÁLOGO PROVISIONAL DE AVES NIDIFICANTES AMEAZADAS EN GALICIA

A: Perigo de extinción.

B: Sensibles á alteración do seu hábitat.

C: Vulnerables.

D: Interese especial.

- CONVENIO DE BONN: Convención sobre a conservación de especies migratorias pertencentes á fauna silvestre e a Resolución 23/2/2000 que actualiza seus anexos.

Anexo I: Especies altamente ameazadas cuxa situación obriga aos países membros a conservar e garantir os seus hábitats, non pór obstáculos ás súas migracións e prohibir a súa caza.

⁴ *Atlas de vertebrados de Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería da Cultura Galega; Sociedade Galega de Historia Natural, 1995.

⁵ *Censo invernal de aves acuáticas en Galicia, anos 90 e 91* Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura Gandeiría e Montes, 92

Anexo II: Son especies en condicións desfavorables cuxa situación require manter e desenvolver estudos sobre o estado da especie, subscribindo para iso os acordos necesarios.

8.2 BIÓTOPOS PRESENTES NA ÁREA DE ESTUDO.

Co fin de determinar a distribución máis probable na área das diferentes especies animais, dividiuse o territorio en cinco biótopos. Estes biótopos deben entenderse nun sentido amplo, xa que con eles só se pretende dar unha idea da importancia que sobre a fauna teñen determinados medios presentes no concello.

Antes de proceder a describir os biótopos, é por tanto necesario facer as seguintes consideracións previas:

Con esta división non queremos indicar que os biótopos sexan independentes entre si.

Existen moitas especies ubiqüistas, que polo tanto, poden vivir indiferentemente nos distintos biótopos

Os principais biótopos presentes no concello de Vilaboa son os seguintes:

1 Marismas.

2 Cursos de auga e ribeiras.

3 Repoboacións forestais.

4 Cultivos e praderías.

5 Matogueiras.

8.3 HERPETOFAUNA.

O concello de Vilaboa sitúase nas inmediacións dunha das zonas de maior diversidade, en relación coa herpetofauna, como reflicten os mapas seguintes extraídos do Atlas de Vertebrados de Galicia.

Neles pódese observar como as Rías Baixas, en concreto a parte central da Serra do Morrazo, presenta unha biodiversidade de 25 a 30 especies por cada 100 Km². Estudos, máis polo miúdo, presentados en dito atlas, poñen de manifesto que a presenza dos réptiles depende da latitude, e polo tanto das condicións térmicas, é dicir os réptiles prefiren lugares con moitas horas de sol e con veráns cálidos, con independencia da pluviosidade.

En relación cos anfibios parece que o factor determinante é a proximidade á costa, ao inducir esta un clima oceánico, relacionado cunha pluviosidade alta e pouca amplitude térmica.

- Anfibios.

En Vilaboa atopamos 11 especies de anfibios das 14 presentes no país galego⁶ e das 25 existentes en España⁷ o cal representa o 78,6 % e un 44 % respectivamente.

Das once especies de anfibios presentes na área, sete están incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas no anexo II como de especial interese. Outras sete especies atópanse citadas no Real Decreto 1997/1995 sobre Espazos Naturais, no seu Anexo IV de "Especies animais e vexetais de interese comunitarios que requiren unha protección estrita" e en particular a especie *Chioglossa lusitanica* atópase no Anexo II de "Especies animais e vexetais de interese comunitarios para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación"

Por outro lado, é necesario dicir que, as especies *Triturus boscai*, *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganei*, *Rana ibérica*, *Rana perezi* son endemismos ibéricos ou mesmo do noroeste peninsular.

Por todo, hai que concluir que, o concello de Vilaboa presenta unha interesante representación de anfibios, tanto no ámbito galego coma no estado español.

⁶ GALAN E FERNANDEZ, 1993

⁷ BLANCO E GONZALEZ, 1992

Táboa de anfibios						
NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	ENDEMISMO IBÉRICO	RD 439/1990 AMEAZADAS	CAT. ESPECIES	RD 1997/1995 ESPAZOS NATURAIS	
<i>Triturus boscai</i>	Limpafontes común	*	ANEXO II			
<i>Triturus helveticus</i>	Limpafontes palmeado		ANEXO II			
<i>Triturus marmoratus</i>	Limpafontes verde		ANEXO II		ANEXO IV	
<i>Salamandra salamandra</i>	Pintega					
<i>Chioglossa lusitanica</i>	Salamantiga galega	*			ANEXO II e ANEXO IV	
<i>Alytes obstetricans</i>	Sapiño troiteiro		ANEXO II		ANEXO IV	
<i>Discoglossus galgonei</i>	Sapo raxado	*	ANEXO II		ANEXO IV	
Bufo bufo	Sapo cunqueiro					
Bufo calamita	Sapo corriqueiro		ANEXO II		ANEXO IV	
Rana ibérica	Ra patilonga	*	ANEXO II		ANEXO IV	
Rana perezi	Ra verde	*			ANEXO V	
<i>Hyla arborea</i>	Rela, estroza ou rá de San Antón	Moi escasa. Aparece nos bosques de ribeira de Vilaboa				

En canto á súa distribución no concello atendendo aos diferentes biótopos, é a seguinte

NOME COMÚN	Marisma.	Cursos de auga e ribeiras	Repoboacións Forestais	Cultivos e Praderías	Mato
<i>Triturus boscai</i>		X	X	X	X
<i>Triturus helveticus</i>	X	X			
<i>Triturus marmoratus</i>	X	X	X		X
<i>Salamandra salamandra</i>		X	X	X	
<i>Chioglossa lusitanica</i>		X			
<i>Alytes obstetricans</i>				X	X
<i>Discoglossus galgonei</i>	X	X			X
Bufo bufo		X		X	X
Bufo calamita	X				X
Rana ibérica		X			
Rana perezi	X	X			

- Réptiles.

Existen citados no municipio dez especies de réptiles das 24 censadas en Galicia, o que representa o 41,66 % das especies de réptiles Galegos.

Das dez especies censadas, sete atópanse catalogadas como especies sensíbeis no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Anexo II). Por outro lado, dúas especies, a *Lacerta schreiberi* e *Vipera seoanei* atópanse tamén recollidas no Real Decreto 1997/1995 sobre Espazos Naturais no seu Anexo IV de "Especies animais e vexetais de interese comunitarios que requiren unha protección estrita", a primeira delas, atópase tamén no Anexo II de "Especies animais e vexetais de interese comunitarios para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación".

Por último a *Lacerta schreiberi*, *Podarcis bocagei* e a *Vipera seoane* son considerados endemismos ibéricos e mesmo só do noroeste da Península Ibérica.

Estamos pois ante un concello cunha abundosa e interesante representación de réptiles.

Táboa de réptiles:					
NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	ENDEMISMO IBÉRICO	RD 439/1990 CAT. ESPECIES AMEAZADAS ANEXO II	RD 997/1995 ESPAZOS NATURAIS	
Anguis fragilis	Escáncer común				
Lacerta lepida	Lagarto arnal				
Lacerta schreiberi	Lagarto das silvas	X	ANEXO II	ANEXO II	ANEXO IV
Podarcis bocagei	Lagartixa galega	X			
Podarcis hispánica	Lagartixa dos penedos		ANEXO II		
Chalcides chalcides	Esgonzo común		ANEXO II		
Coronella giron dica	Cobra lagarteira Meridional		ANEXO II		
Natrix natrix	Cobra de colar		ANEXO II		
Natrix maura	Cobra de auga		ANEXO II		
Vipera seoanei	Repoboacións Forestais	Víbora de X			ANEXO IV
Mapolom monspessulmus	seoane				
Elaphe scalaris	Cobregón				
	Cobra de escada				

A súa distribución nos diferentes biótopos do concello é a seguinte:

NOME CIENTÍFICO	Marisma.	Cursos auga e ribeiras	de Repoblacións Forestais	Cultivos praderías	e Mato
Anguis fragilis		X		X	
Lacerta lepida				X	X
Lacerta schreiberi		X		X	X
Podarcis bocagei				X	X
Podarcis hispanica					X
Chalcides chalcides	X			X	
Coronella giron dica				X	X
Natrix natrix		X	X	X	X
Natrix maura	X	X			
Vipera seoanei		X	X	X	X

- Aves

As aves veñen sendo recoñecidas como o principal grupo faunístico indicador da importancia biolóxica dun espazo.

Entre as especies detectadas cómpre distinguir aquelas que nidifican na localidade (residindo todo o ano ou ben só no verán), daquelas que aparecen regularmente durante a invernia e/os pasos migratorios, como daquelas outras que só foron rexistradas de forma ocasional.

Adquiren neste territorio gran importancia as aves acuáticas (cóntase con puntos de censo de aves acuáticas invernantes na localidade).

No municipio de Vilaboa ou arredores atopamos que nidifican trinta e cinco especies, vinte e oito é probable que o fagan e nove é posible, segundo Atlas de Vertebrados de Galicia.

Das especies con cría confirmada destacamos o Azor, Lagarteiro peneireiro e gabian, clasificadas no catálogo provisional de aves nidificantes en Galicia⁸ como de vulnerables. Ademais en Galicia, as dúas primeiras, presentan unha diminución paulatina de efectivos.

Tamén hai que salientar a nidificación do Falcón peregrino considerado como de interese especial pola súa singularidade e valor ecolóxico ou científico.

Das especies con cría probable destacamos o Merlo rieiro por ser unha especie catalogada coma sensible á alteración do seu hábitat, moi ligado aos cursos fluviais.

E por último, das especies con cría posible, subliñamos pola súa singularidade a posible cría do Martiño pesqueiro, en situación similar ao Merlo rieiro en Galicia, e a do Somorgullo pequeno.

Táboa das aves:				
NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	RD 439/1990 CAT. ESPECIES AMEAZADAS	C.P.A.N. M.G ⁹	STATUS
<i>Acanthis cannabina</i>	Liñaceiro común			Cría confirmada
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor	X	C↓	Cría confirmada
<i>Accipiter nisus</i>	Gabian	X	C?	Cría confirmada
<i>Anas platyrhynchos</i>	Alavanco real			Cría confirmada
<i>Buteo buteo</i>	Miñato común	X		Cría confirmada
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo común			Cría confirmada
<i>Columba palumbus</i>	Pomba torcaz			Cría confirmada
<i>Corvus corone</i>	Corvo viaraz			Cría confirmada
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada	X		Cría confirmada
<i>Emberiza cirulus</i>	Escribenta liñaceira	X		Cría confirmada
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio común	X		Cría confirmada
<i>Falco peregrinus</i>	Falcon peregrino	X	D	Cría confirmada
<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro peneireiro	X	C↓	Cría confirmada
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpin común	X		Cría confirmada
<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña común	X		Cría confirmada
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca	X		Cría confirmada
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño común	X		Cría confirmada
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiro bacachis	X		Cría confirmada
<i>Parus majos</i>	Ferreiro abelleiro	X		Cría confirmada
<i>Passer domesticus</i>	Pardal común			Cría confirmada
<i>Passer montanus</i>	Pardal oreleiro			Cría confirmada
<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio tizón	X		Cría confirmada
<i>Pica pica</i>	Pega rabilonga			Cría confirmada
<i>Picus viridis</i>	Peto verdeal	X		Cría confirmada
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta común	X		Cría confirmada
<i>Saxicola torquata</i>	Chasco común	X		Cría confirmada

⁸ *Actas do primeiro congreso galego de ornitología*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1991

⁹ C.P.A.N.M.G :Catálogo provisional de aves nidificantes ameazadas en Galicia

A: Perigo de extinción.

B: Sensibles á alteración do seu hábitat.

C: Vulnerables.

D: Interese especial.

Táboa das aves:				
NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	RD 439/1990 CAT. ESPECIES AMEAZADAS	C.P.A.N. M.G ⁹	STATUS
Serinus serinus	Xirín			Cría confirmada
Streptopelia decaocto	Rula turca			Cría confirmada
Sturnus unicolor	Estornio negro			Cría confirmada
Sylvia atricapilla	Papuxa das amoras	X		Cría confirmada
Sylvia melanocephala	Papuxa cabecinegra	X		Cría confirmada
Sylvia undata	Papuxa montesa	X		Cría confirmada
Troglodytes troglodytes	Carrizo	X		Cría confirmada
Turdus merula	Merlo común			Cría confirmada
Delichon urbica	Andoriña de cu branco	X		Cría confirmada
Alauda arvensis	Laverca			Probable
Alectoris rufa	Perdiz rubia			Probable
Anthus trivialis	Pica das árbores	X		Probable
Apus apus	Vencello común	X		Confirmado
Asio otus	Bufo pequeno	X		Probable
Athene noctua	Moucho común	X		Confirmado
Carduelis carduelis	Xilgaro			Confirmado
Certhia brachydactyla	Gabeador común	X		Confirmado
Cinclus cinclus	Merlo rieiro	X	B?	Confirmado
Cuculus canorus	Cuco comun	X		Confirmado
Dendrocopus major	Peto real	X		Probable
Emberiza citrinella	Escribenta real	X		Probable
Galerida cristata	Cotovia dos camiños	X		Probable
Garrulus glandarius	Pega marzá			Confirmado
Lanius collurio	Picanzo vermello	X		Probable
Lullula arborea	Cotovia pequena	X		Probable
Motacilla cinerea	Lavandeira real	X		Probable
Oenanthe oenanthe	Pedreiro cincento			Probable
Otus scops	Moucho de orellas	X		Probable
Parus cristatus	Ferreiriño cristado	X		Probable
Phylloscopus collybita	Picafollas común	X		Probable
Pyrrhula pyrrhula	Paporrubio real	X		Confirmado
Regulus ignicapillus	Estrelia riscada	X		Confirmado
Stris aluco	Avelaiona			Confirmado
Streptopelia turtur	Rula común			Confirmado
Sylvia communis	Papuxa común	X		Probable
Tyto alba	Curuxa común	X		Confirmado
Upupa epops	Bubela comun	X		Confirmado
Aegithalos caudatus	Ferreiriño subeliño	X		Posible
Alcedo atthis	Martiño pesqueiro	X	C	Confirmado
Cisticola juncidis	Picaxuncos	X		Posible
Corvus corax	Corvo carnazal			Posible
Gallinula chloropus	Galiña de río			Confirmado
Hippolais polyglotta	Fulepa amarela	X		Posible
Lanius excubitor	Picanzo real	X		Posible
Tachybaptus ruficollis	Somorgullo pequeno	X	D↓	Posible
Caprimulgul europaeus	Avenoiteira cincenta			Confirmada
Delichon urbica	Avión común			Confirmada
Motacilla flava	Lavandeira verdeal			Confirmada
Otiolus oriolus	Ouriolo			Confirmada

A súa distribución nos diferentes biótopos do concello e a seguinte

NOME CIENTIFICO	Marisma.	Cursos de agua e ribeiras	de Repoblacion es forestais	Cultivos praderías	e Matorral
Acanthis cannabina	X			X	X
Accipiter gentilis			X	X	
Accipiter nisus		X	X	X	
Actitis hypoleucos	X	X			
Aegithalos caudatus		X			
Alauda arvensis				X	
Alcedo atthis	X	X			
Alectoris rufa				X	X
Anas platyrhynchos	X	X			
Anthus trivialis				X	
Apus apus				X	
Asio otus			X		
Athene noctua				X	X
Buteo buteo				X	X
Carduelis chloris		X		X	
Carduelis carduelis	X			X	
Certhia brachydactyla		X	X		
Cinclus cinclus		X			
Cisticola juncidis	X	X			
Columba palumbus			X	X	
Corvus corax					X
Corvus corone	X		X	X	
Cuculus canorus				X	X
Delichon urbica		X		X	
Dendrocopus major			X		
Emberiza citrinella			X	X	X
Emberiza cia				X	X
Emberiza cirius		X		X	
Erithacus rubecula		X	X	X	
Falco peregrinus	X			X	
Falco tinnunculus				X	X
Fringilla coelebs		X	X	X	
Galerida cristata				X	
Gallinula chloropus	X	X			
Garrulus glandarius			X		
Hippolais polyglotta		X		X	
Hirundo rustica	X			X	
Lanius collurio					X
Lanius excubitor				X	X
Lullula arborea				X	X
Motacilla alba				X	
Motacilla cinerea		X			
Oenanthe oenanthe					X
Otus scops				X	
Parus ater		X	X	X	X
Parus caeruleus			X		
Parus cristatus			X		
Parus majos		X	X	X	
Passer domesticus				X	
Passer montanus				X	
Phoenicurus ochruros		X		X	
Phylloscopus collybita		X		X	
Pica pica				X	X
Picus viridis		X	X	X	X
Prunella modularis				X	X
Pyrrhula pyrrhula		X		X	
Regulus ignicapillus			X	X	X

NOME CIENTIFICO	Marisma.	Cursos de agua e ribeiras	de Repoblacion es forestais	Cultivos praderías	e Matorral
Saxicola torquata				X	X
Serinus serinus				X	
Stris aluco			X		
Streptopelia decaocto			X	X	
Streptopelia turtur			X	X	X
Sturnus unicolor				X	
Sylvia atricapilla		X		X	
Sylvia communis					X
Sylvia melanocephala					X
Sylvia undata					X
Tachybaptus ruficollis	X				
Troglodytes troglodytes			X	X	X
Turdus merula		X		X	
Turdus philomelos			X		X
Tyto alba			X	X	X
Upupa epops				X	

Censo invernal aves acuáticas

A Enseada de San Simón é unha área de importancia para a invernada de aves, o que explica que nos censos de aves acuáticas hibernantes, sexa unha zona de reconto específica.

Na táboa adxunta especificanse as especies de aves que invernan, xunto ao número estimado delas nos anos 90 y 91.

Destacamos que das 27 aves hibernantes, 17 están protexidas polo convenio sobre a conservación das especies migratorias de animais silvestres (Convenio de Bonn) no apéndice II

ESPECIES	1990	1991	Convenio de Bonn Resolución 23/2/2000
Anas penelope	686	948	APÉNDICE II
Anas strepera	8	4	APÉNDICE II
Anas platyrhynchos	1193	1624	APÉNDICE II
Anas acuta	17	24	APÉNDICE II
Anas clypeata		2	APÉNDICE II
Aythya ferina	23	579	APÉNDICE II
Aythya fulicula		1	APÉNDICE II
Aythya marila	1		APÉNDICE II
Somateria mollissima		1	APÉNDICE II
Calidris alpina	160	171	APÉNDICE II
Numerius arquata	11	17	APÉNDICE II
Tringa totanus		1	APÉNDICE II
Tringa nebularia	8	14	APÉNDICE II
Actitis hypoleucos	19	22	APÉNDICE II
Pluvialis squatarola	31	39	APÉNDICE II
Sterna sandvicensis	5	3	APÉNDICE II
Tachybaptus ruficollis		1	
Phalacrocorax carbo	236	218	
Egretta garzeta	6	14	
Ardea cinerea	52	55	
Gallinula chloropus	20	3	
Fulica atra	4		
Larus ridibundus	907	1569	
Larus cachinnans	1535	552	
Larus marinus		2	
Larus fuscus	112	135	
Larus cachinansFuscus	279	138	

- Mamíferos.

Nas cuadrículas correspondentes a Vilaboa e territorios adxacentes atópanse catalogadas a presenza de 31 mamíferos, se temos en conta que en Galicia atópanse uns 60, en Vilaboa están representados a metade (51,61 %) dos mamíferos de Galicia.

Dos mamíferos presentes, oito son de interese especial (anexo II), no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. Salientamos o *Galemys pyrenaicus* por tratarse dun endemismo ibérico que teñen as poboacións, en retroceso na Península Ibérica.

Outros mamíferos de interese son os seis incluídos nos diferentes anexos do RD 997/1995 sobre espazos naturais.

Táboa mamíferos				
NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	ENDEMISMO IBERICO	RD 439/1990 CAT. ESPECIES AMENAZADAS	RD 997/1995 ESPAZOS NATURAIS
<i>Galemys pyrenaicus</i>	Furapresas	X	Anexo II	Anexo II Y IV
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno de ferradura		Anexo II	Anexo II
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego grande		Anexo II	Anexo II
<i>Eptesicus serotinus</i>	Morcego espertello		Anexo II	
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común		Anexo II	
<i>Plecotus auritus</i>	Morcego orrelludo comun		Anexo II	
<i>Mustela erminea</i>	Armiño		Anexo II	
<i>Lutra lutra</i>	Londra		Anexo II	Anexo II - IV
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho			
<i>Talpa occidentalis</i>	Toupa cega			
<i>Sorex coronatus</i>	Furafollas grande			
<i>Sorex granarius</i>	Furafollas iberico			
<i>Sorex minutus</i>	Furafollas pequeno			
<i>Crocidura russula</i>	Furaño común			
<i>Crocidura suaveolens</i>	furaño xardineiro			
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello bravo			
<i>Eliomys quercinus</i>	Leiron careto			Non hai constancia de datos, pero con toda probabilidade non existe en Vilaboa.
<i>Microtus agrestis</i>	trilladeira dos prados			
<i>Pitymys lusitanicus</i>	Corta dos prados			
<i>Arvicola sapidus</i>	Rata de auga			
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata común			
<i>Rattus rattus</i>	Rata de campo			
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato de campo			
<i>Mus musculus</i>	Rato da casa			
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo			
<i>Mustela nivalis</i>	Donicela			
<i>Mustela putorius</i>	Touron			Anexo V
<i>Mustela vison</i>	Vison americano			Individuos fuxidos das granxas.
<i>Martes foina</i>	Garduña			
<i>Meles meles</i>	Teixugo			
<i>Genetta genetta</i>	Algaría			Anexo V
<i>Sus scrofa</i>	Porco bravo			

9 USOS.

9.1 INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA:

Este apartado realízase a partires das bases de datos extraídos das seguintes fontes:

- Anuario de Estatística Agraria dos anos 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99.
- Mapas de Cultivos e Aproveitamentos, sendo a data dos traballos de campo de ditos mapas o ano 80 .
- Galicia en Cifras do ano 91 que empregan os datos do censo agrario de 1989.
- Terceiro Inventario Forestal
- 313 Galicia datos de 1986

9.2 DISTRIBUCIÓN DE TERRAS: PRINCIPAIS SUPERFICIES E CULTIVOS.

Os datos deste apartado no referente ás superficies de cultivos proceden do Anuario de estatística Agraria (años 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99). As fontes estatísticas destes anuarios para a distribución da superficie territorial obtense das Cámaras Agrarias Locais que, en Galicia, desapareceron no ano 94, polo que a Xunta de Galicia, tal e como se di na introdución do anuario de 1995, "a partires desa data reproducense os datos do ano anterior con lixeiras variantes". E esta audaz política chega ata o ano 97 no que simplemente se deixaron de publicar ditos datos, para no ano 99 volver a introducir os datos elaborados segundo o estudo de imaxes de satélite, realizadas polo SITGA, por un convenio entre o IRE, a Consellería de Agricultura Gandería e Montes e a Asociación para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Estes datos, moito máis fiables estatisticamente, con todo, publícanse desagregados só no ámbito comarcal, polo que non existen datos por municipios.

Unha primeira aproximación á distribución de terras no concello de Vilaboa pódese ollar no gráfico 1.

Este gráfico pon de manifesto que a maior superficie ocúpaa o terreo forestal cun 58.19 % da superficie municipal. Este dato é probablemente maior, xa que por non existir datos desagregados a escala municipal da superficie ocupada por "outras terras", tomouse como valor medio para toda a provincia, que loxicamente atópase moi incrementado pola superficie de Vigo, Pontevedra e outras cidades de importancia.

Se comparamos este dato cos totais da provincia -Gráfico 2- obsérvase que, en xeral, son moi similares.

De calquera xeito, resulta interesante comparar estes datos coa aptitude do solo segundo o gráfico 3, nesta comparativa vese que os datos non están moi afastados dos potenciais. Os cultivos están só a 7.69 puntos do óptimo. En relación ao terreo forestal existe un incremento da porcentaxe emprazada para uso forestal con relación ao uso potencial de 2,31 puntos porcentuais.

A SEU é un parámetro que se obtén da suma da superficie cultivada e a superficie dedicada a prados e pastizais. Se comparamos a evolución da SEU (gráfico 4), tanto a escala provincial como municipal vemos que ao longo da década dos 90 mantívose estable cunha lixeira diminución, aínda que esta evolución, temos que tomala con moitas reservas debido á xa citada política da Consellería de "reproducir dun ano a outro os mesmos datos con lixeiras variacións", de feito o valor da SEU mantense, "casualmente", inmutable, tanto a escala municipal como provincial, dende o ano 95 ata o 97.

É probable que en realidade a redución da SEU fose máis grande polo abandono das terras agrícolas e a súa transformación en terreo edificado, incrementándose tamén o terreo forestal ou o dedicado a algún outro uso. Esta hipótese vese referendada pola observación das fotografías aéreas onde se constata un paso de modelo de poboación dispersa a un modelo diseminado, provocado polo abandono das actividades agrarias e conversión de terreos en solares para a posterior edificación de vivendas unifamiliares.

Se comparamos as dúas compoñentes da SEU do municipio de Vilaboa e a SEU de Pontevedra obsérvase que a superficie dedicada a cultivos está 8 puntos por riba da media provincial, o que indica a súa clara vocación agrícola en detrimento principalmente dos usos gandeiros. Obsérvase neste senso a escasa superficie dedicada a prados e pasteiros: un 1.52% que é máis de 3.5 puntos inferior á media provincial.

Se entramos na análise da evolución dos principais tipos de cultivo, (gráficos 5 e 6), observamos que a escala municipal non se producen variacións significativas na década dos 90, só unha caída do cultivo do millo no ano 93 e un lixeiro incremento dos cultivos de pataca e cultivos forraxeiros.

Se entramos na análise do tipo de cultivo, (gráficos 7 e 8), obsérvase que a superficie do municipio dedícase fundamentalmente ao cultivo do millo 43% e os viñedos 30%.

Ao comparar, estes datos, coas medias provinciais ponse en evidencia en primeiro lugar que a escala provincial non están os datos tan polarizados, de xeito que os cultivos máis abundantes son o millo (32%), -nisto coincide co concello de Vilaboa- seguidos polos cultivos forraxeiros (29%), viñedo (12%) e pataca (11%) datos considerablemente diferentes aos do municipio.

En Vilaboa obsérvase unha alta porcentaxe de cultivos de viñedo, como non pode ser doutro xeito, dado que o sector vitivinícola experimentou unha considerable alza na última década e xa contaba cunha certa tradición neste concello. Os seguintes cultivos en importancia son a pataca (10%) e os cultivos forraxeiros (9%)

9.3 FORESTAL.

Para tratar os aspectos forestais recórrase, por ser a única fonte dispoñible a escala municipal, aos datos subministrados polo Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación no Mapa de Cultivos e Aproveitamento (follas 185, 222 y 223); estes datos presentan o inconveniente dunha banda, de estar atrasados, (os traballos de campo son do ano 1998), e por outra banda a metodoloxía empregada non é de todo coincidente coa empregada pola Xunta nos anuarios estatísticos. Estes factores explican as diferenzas numéricas existentes. Aínda así as dúas fontes estatísticas achegan datos en xeral concordantes.

Segundo esta fonte (ver gráfico 9) a "superficie forestal" representa un 63.29% e "outras superficies" o 3.06% da superficie do municipio. Datos máis ou menos coincidentes cos expresados na gráfica 1 se se ten en conta as observacións realizadas na interpretación dos datos.

As especies arbóreas que conforman a superficie arborada do municipio obsérvanse no gráfico 10.

O arborado está composto por eucalipto e polo piñeiro bravo, sendo as masas mixtas as máis abundantes co 40.65 % do total e as manchas puras de eucalipto cun 2.98 % lixeiramente superiores ás de piñeiro cun 2.08 %.

Tendo en conta que o concello sufriu nas últimas décadas numerosos incendios forestais, como xa se dixo no apartado de vexetación, é previsible o incremento moi significativo da superficie de eucalipto, ao tratarse dunha especie forestal fortemente pirófito e invasivo, e amais facilmente observable "in situ" coa agravante da perda de capacidade madeireira pola súa dexeneración case en especie arbustiva con exceso de exemplares por unidade de superficie, dado que non se procede a rarear ou clarear a súa distribución logo dos incendios polo excesivo traballo que supón.

Outro parámetro que se observa no gráfico 10 é a superficie de matogueira cun 17.50 % e de mato improdutivo cun 0.08 %, sobre o total do municipio. É previsible, por unha banda polo abandono de cultivos, e por outra banda, polos incendios forestais.

10 GANDERÍA.

10.1 GANDO VACÚN.

Os datos que se empregan proveñen das campañas de saneamento gandeiro.

No gráfico 1 cómpre observar que ao longo da década reduciuse notablemente o número de vacas e de explotacións. Este dato indica unha tendencia á desaparición da gandería familiar, común a toda Galicia, que actualmente só subsiste por tradición, ao tratarse de explotacións non rendíbeis.

No gráfico 2 abonda nesta conclusión, dende outro punto de vista, ao poñer de manifesto que o número de vacas por explotación non chega a una e media. As explotacións para ter un mínimo de rendibilidade deben ter do orde de 20 cabezas.

Por último no gráfico 3 obsérvase que o total de vacas son as de aptitude leiteira das que sufriron un maior retroceso, cunha caída de máis de dous terzos do seus efectivos en seis anos. Isto explícase, por unha banda, ao tratarse dunha cabana cuns custos de mantemento máis altos que os de carne, ao esixir o muxido das vacas e o transporte do leite ás centrais transformadoras e por outra banda, ás axudas para o cesamento de actividade, motivadas polo problema da cota láctea que proporciona a Administración.

10.2 GANDERÍA OVINA E CAPRINA .

Os datos proceden tamén das campañas de saneamento gandeiro da Xunta de Galicia.

No gráfico 4 obsérvase que hai maior abundancia de reses de ovino que de caprino e na evolución de ambas ganderías presentan un marcado mínimo no ano 95, que afecta máis á cabana ovina, pero tamén repercute na caprino e no número de explotacións de ámbalas ganderías. As causas deste descenso tan acusado son probablemente por un problema na realización do saneamento na zona, atendendo aos seguintes argumentos: primeiro, esta diminución non se reflicte no ámbito provincial (gráfico 5), segundo, produciuse paralelamente unha redución do número de explotacións, que no caso do ovino, representa o peche de 30 explotacións. Con todo, a relación do número de cabezas de ovino por explotación só experimenta un lixeiro incremento, polo que nos leva a pensar que por algún motivo ese ano quedaron sen sanear algunhas explotacións. De calquera maneira, o número de cabezas destas cabanas experimenta unha rápida recuperación ao ano seguinte

En relación co gráfico 6 de número de cabezas por explotación, ponse de manifesto que son explotacións moito máis pequenas que a media provincial do gráfico 7 o que expresaría a escasa rendibilidade da devandita actividade no concello.

Por último resulta sorprendente o incremento tan significativo de cabras por explotación experimentado no ano 96, ademais de non se corresponder coa media provincial. A explicación probablemente atopámola, coma no caso anterior, a vicisitudes nas campañas de saneamento.

11 A PAISAXE.

En Vilaboa podemos asistir a unha nidia división entre dúas paisaxes ben diferenciadas:

- Aquelas nas que é a natureza o elemento máis acusado.
- Aqueloutras, nas que son os artificios do home os que salientan.

Dentro destas últimas hai que facer o distingo entre: 1) as paisaxes que son froito dun lento e sabio facer do home no medio físico, a través de ducias de xeracións ao longo do tempo (cultivando ou deixando a monte, construíndo infraestruturas ou inzando edificacións...), de tal xeito que ao contemplalas un xa non sabe que cousas son froito da natureza e cales son puros artificios humanos; 2) aquelas outras paisaxes nas que os artificios non teñen nada que ver co medio no que se construíron, por mor de ter perdido o home esa capacidade que decote tivo de intervir na natureza –ás veces, para domesticala- pero sen destruíla, esa capacidade que en ocasións, mesmo conseguiu sublimar esa natureza con auténticas obras de arte.

Grosso modo, as primeiras paisaxes podémolas separar en dous grupos básicos: a Costa e o Monte.

No que atinxe á zona costeira son as que se dan na metade norte do fronte costeiro do concello a partires de Punta Ulló, coincidente, basicamente, coa separación da estrada N-554 da banda costeira: As Salinas, Enseada de Larache, Punta de Cabalo e Punta de Pereiró ata o peirao de Santa Cristina, e logo do tramo de núcleos rurais costeiros nas parroquias de Santa Cristina e San Adrián de Cobres, a zona situada entre o peirao de San Adrián, Punta de San Adrián ata o límite do concello na Punta do Corbeiro.

A zona paisaxística de monte abrangue toda a zona oeste e a zona Leste de separación con Pontevedra, que vai variando en ancho ao longo do concello dependendo da configuración topográfica da zona costeira e os vales fluviais de uso agrícola, de xeito que esta zona de monte acada o seu maior ancho na zona intermedia do concello, nas parroquias de Vilaboa e San Adrián e Santa Cristina de Cobres, cos montes de Coto Redondo e alto da Encabada como os máis salientables da Serra de Domaio, e os Montes de San Adrián e de Barciela situados case a carón do mar.

Trátase dunha paisaxe que representa en parte á bisbarra na que se inscribe Vilaboa: O Morrazo, picoutos, petóns, outeiros esgrevios, mesturados con areais, nun litoral permanentemente festonado, no que van xurdindo enseadas xeralmente abertas, nas que se formaron tranquilas praias na especie de lagoa ou mar interior que conforma a Enseada de San Simón: Pousada, Deilán, Estralo, etc. ou ese magnífico vestixio case único en Galicia que conforman as Salinas do Ulló, que se completa con esa outra fisionomía máis montaraz da Serra de Domaio na que se suceden os bosques, o mato, os pedregais, as telúricas formas de rocha e os regatos nun amplo e variado repertorio de paisaxes, aínda naturais, salpicados por pequenos asentamentos rurais estratexicamente situados e case inalterados nesa parte máis alta do territorio vilaboés.

É este un mundo cheo de sorpresas e matices, apetecido por todos aqueles que agoan por unha natureza forte, esgrevia, logo de ter xa aborrecido o asfalto. Multitude de camiños en inmejorables condicións para camiñar a pé, van enlazando os puntos significativos do concello, ao longo de mil perspectivas diferentes; polos que se camiña preto da costa ou sobre do monte. Só cómpre establecer uns rodeiros e sinalizalos axeitadamente para que todos, propios e forasteiros, poidan gozar estas marabillas que por sorte aínda permanecen, pero en grave perigo debido a certas actuacións, que aínda seguen a producirse, danando as esencias dunha paisaxe singular en Galicia, e amosan por igual a ignorancia e a nula preocupación polo contorno natural e histórico inmediato, sacando á luz a impronta imposible de agochar dunha sociedade desnortada. É preciso mediante unha forte vontade facer crible a aposta a prol dun modelo de ordenación no que a posta en valor da natureza se perfía coma a máis importante posibilidade de explotación de novos recursos, en Vilaboa.

Na zona sur da banda litoral do concello, sobre as conchas dos regatos que a ela verten os escasos caudais subministrados polos seus curtos percorridos, na redonda das zonas de planicies aluviais máis acaídas para a explotación agraria e na Depresión Meridiana que percorre de norte a sur a parte leste do concello é onde a

transformación da natureza primixenia resulta máis evidente. É aquí nestas zonas onde a topografía é tamén menos acusada, onde se dan as maiores concentracións da poboación con profusión de asentamentos rurais. Xa que logo, tamén é aquí onde a través da agricultura (cavas, acondicionamento e mantemento da capacidade agrolóxica dos solos) das obras de enxeñería (camiños, vedacións, pontes, regos, canles, peiraos... etc.) e da arquitectura (todas as construcións, dende os alboios, canastros ou adegas, ata as casas, as igrexas, os pazos ou as fortalezas...), se foi conformando unha paisaxe fortemente humanizada a través de centos, de milleiros de anos de presenza das xentes de Vilaboia sobre do seu territorio.

Dende a noite dos tempos ata hai ben poucos anos, esas intervencións tiñanse feito, polo común, gardando sempre o sentido da proporción, da escala.

Foi un proceso lento o que levou a unha paisaxe onde era perfectamente recoñecida a característica estrutura territorial concorde coa mellor explotación dos recursos -agrogandeiros, forestais, pesqueiros e marisqueiros- que permitían a pervivencia das comunidades que poboaban este extraordinario territorio.

Efectivamente, ata hai tan só trinta ou corenta anos a ocupación do territorio e os usos do mesmo evidenciaban unha estrutura –e, xa que logo, unha paisaxe- na que a relación entre hábitat e recursos era perfectamente nidia. Os núcleos de poboación de todo tipo diferenciábanse, de seu, isto é, amosando o casarío tradicional, mais tamén en relación co territorio produtivo propio (agras, leiras, hortas, monte..., ata o mar, do propio núcleo ou da parroquia á que este pertencía, segundo os casos.

Non tiñan chegado aínda nin a Autopista do Atlántico nin a repoboación forestal, e por conseguinte, o mosaico parcelario e a diversidade vexetal conformaban paisaxes ben distintas á actual. Logo de se ter producido esas dúas grandes operacións no territorio, xurde unha paisaxe radicalmente diferente. A autopista trazada con nulo respecto para con preexistencias de forte contido paisaxístico, deu pé a unha estraña paisaxe na súa redonda con profundas fendas no territorio, principalmente na súa aproximación á Ponte de Rande e ao seu paso polos montes de topografía máis acusada, rodeándose de infraestruturas secundarias de conexión entre ambos lados da fenda: pasadizos soterrados, pontes rodadas e/ou peonís, vías paralelas, etc., e tamén elementos de separación como o valado perimetral e o máis agresivo producido polos desmontes e terrapléns, mesmo implantáronse neste concello unha área de descanso e zonas de servizos internos da propia Concesionaria. Este conxunto de actuacións desproporcionadas para a escala do territorio influíu moi negativamente, non só no seu contorno inmediato, senón en todo o ámbito próximo aos núcleos de poboación e nas súas interrelacións co seu medio produtivo.

A repoboación forestal, principalmente a base de eucaliptos, ao tempo de coutar unha explotación integral do monte, de atentar contra dunha diversidade biolóxica que amosara a súa valencia ao longo de tantos séculos, modificou fortemente unha parte substancial da paisaxe vilaboés por mor dese carácter monocromático observable en todo tempo que lle confiren unhas árbores de folla non caediza (algúns piñeiros e na meirande parte eucaliptos), que ten dexenerado nun tipo aberrante de crecemento en conxunción con abondosos incendios forestais.

Por último, a paisaxe vilaboés sufriu os atentados dun modo absolutamente equivocado de construír. Cada país (e dentro deste, cada comarca e, mesmo, ás veces cada parroquia), xerou un xeito de edificar, que se caracteriza por teren acuñado unhas tipoloxías edificadoras e uns patróns arquitectónicos propios. Vilaboia non foi unha excepción. Aquí, como en calquera outra zona das Rías Baixas foise conformando un *“modo de facer”* arquitectónico, perfectamente recoñecible coma pertencente a esta zona. Núcleos rurais desenvolvidos e atinadamente emprazados naquelas zonas de fronteira entre as zonas produtivas agrarias e as zonas de monte ou rocha. Trátase de núcleos con rúeiro estreito, moi conformado pola topografía orixinal do terreo; xa que logo, un rúeiro moi pouco xeométrico, en xeral. O casarío respondía a patróns típicos das zonas rurais: formas axeitadas ao terreo con crecemento natural a base de engadidos, formas irregulares en xeral, etc. Inicialmente estaba composto por casas terreas e posteriormente, de dúas plantas, construídas con fábrica de cachotería (a mampostería e a sillería correspondían á xente máis adiñeirada), rebocada, enlucida e pintada ou encalada; dispendo tellado con cubrición de tella, a dúas, tres ou catro augas. Do conxunto, extraordinariamente apegado á

terra, á rocha que mesmo se deixaba aflorar para servir de alicerce e nalgúns casos de paramento, só sobresaían os edificios singulares: a igrexa, algunha casa podente, máis tarde, algunhas instalacións produtivas.

As modificacións experimentadas no casarío ata os anos cincuenta ou sesenta non representaron un cambio substancial do modelo. Mais, a partires dos anos nos que se produce o éxodo da poboación cara Europa, América ou as grandes cidades, empeza a rachar o modelo. O modelo produtivo vilaboés expresamente un proceso convulsivo (perda da importancia das explotacións agrarias, cambios na consideración dos produtos pesqueiros e marisqueiros, etc.). Hai necesidade –real ou aparente– de novos usos e, xa que logo, de edificios distintos para acubillalos. Ata aí nada específico de Vilaboa; foi a “cantiga” de todo o litoral. O que si se produce aquí de xeito particularizado, preferentemente na zona norte do Concello, nas proximidades do concello de Pontevedra, apoiadas basicamente na estrada N-550, é a invasión progresiva de edificacións de gran volume dedicadas a uso comercial-industrial en mestura cos núcleos tradicionais de poboación, a modo de prolongación dos usos que xa se viñan emprazando dende a saída da propia vila de Pontevedra.

Xa a nivel xeral en todo o concello e a modo de praga, fóronse adoptando e espaxando modelos de edificación pertencentes a outras zonas e mesmo a zonas urbanas, que pouco ou nada teñen que ver co ambiente rural no que aquí se insiren, desbotando toda a sabedoría acumulada durante séculos polos habitantes desta zona, pero diso falaremos máis de vagar no apartado das tipoloxías edificadoras

Deter a desfeita a tempo e mesmo recuperar valores paisaxísticos do inmediato pasado debe ser unha preocupación dos rexedores e da poboación de Vilaboa se se quere tirar proveito dese recurso que pode ser importante se se guía ben, pero que pode ser desastroso se se fai mal: o turismo e a chegada de todos aqueles urbanistas aborrecidos xa da vida nas grandes (e próximas) vilas de Vigo e Pontevedra, que teñen aquí o lugar ideal para establecer as súas vivendas nun contorno aínda natural se é que podemos mantelo aínda así.

12 VALORACIÓN E IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL.

12.1 ESPAZOS DE INTERESE NATURAL.

Neste apartado faremos unha breve descrición das principais áreas de interese polos seus valores naturais, paisaxísticos, de lecer ou de educación ambiental.

- A zona de marismas.

Atopamos aquí bosques de ribeira, pastizais de marisma e brezais atlánticos. Sendo o hábitat idóneo para unha grande diversidade de fauna, en particular de aves acuáticas.

- As ribeiras dos ríos e regatos

As ribeiras dos principais ríos por constituír corredores naturais de flora e fauna que xunto coa zona de marisma é onde atopamos a maior biodiversidade do municipio.

- A área de Cotoredondo.

Polas súas instalacións de educación ambiental, de recuperación de fauna salvaxe, a diversidade de especies arbóreas, as instalacións recreativas, xunto ás vistas panorámicas que dende os seus cumios se contemplan as rías de Vigo, Pontevedra e en días claros Arousa.

- Todo o tramo da costa.

Moitos tramos da costa de Vilaboa atópanse aínda sen edificacións, o cal resulta singular no ámbito da Ría de Vigo.

- Os cumes

Os principais cumes tanto da Serra de Domaio como os cumes de Pedra Miranda e Chan da Laxe presentan espectaculares panorámicas da ría e dos vales adxacentes.

12.2 IMPACTOS.

Pasamos a enumerar os principais impactos sobre o medio que observamos no municipio, sen mencionar aqueles que se poidan producir polos posibles vertidos á auga e á atmosfera dos efluentes non depurados das instalacións fabrís, dos cultivos, das granxas ou das vivendas, por exceder o guión o ámbito do presente estudo.

12.2.1 INCENDIOS FORESTAIS.

Como xa se dixo no capítulo de vexetación, o municipio é asolado reiteradamente tódolos veráns polos incendios forestais.

Se ben non dispomos de datos da superficie queimada, no entanto, temos datos do número de incendios por quilometro cadrado dende o ano 1992 ao 1997. (Gráfico 1). Observando que algúns anos chégase ata case 3 incendios por quilometro cadrado, situando ao concello, ao igual que toda península do Morrazo, nos tristes primeiros postos dos concellos con máis incendios forestais de Galicia.

A consecuencia primeira é unha fortísima perda de solo fértil, incrementando a erosión debida as pendentes fortes onde asentan sobre todo os eucaliptais, e segundo o aumento da vexetación pirófitas, principalmente eucalipto, convertendo deste xeito unha consecuencia nunha das causas dos incendios forestais.

12.2.2 EXCESIVA PRESENZA DE EUCALIPTO.

No concello de Vilaboa, a causa das repoboacións ou pola rexeneración das especies pirófitas, case toda a superficie non dedicada a cultivos está conformada por eucaliptais.

Esta situación amais de provocar os prexuízos propios dos eucaliptos, implica a case total desaparición das carballeiras.

Ademais este intenso aproveitamento forestal provoca a apertura de excesivas pistas forestais.

12.2.3 IMPACTOS DAS INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE.

Vilaboa, ao estar enclavada en parte na depresión meridiana, atópase no eixo natural de comunicacións norte – sur. Isto supón a existencia no concello das principais vías de alta capacidade como a autoestrada A9, a estrada Nacional 550 e o ferrocarril A Coruña-Vigo.

As infraestruturas viarias provocan un conxunto de impactos¹⁰. Non hai pé entre os que, ademais dos físicos sobre o territorio que se comentarán máis adiante, podemos salienta o impacto acústico, pola súa incidencia sobre o medio social e a fauna. Cos medios técnicos actuais sería posible e desexable minimizar ese impacto co emprego de barreiras acústicas axeitadas.

Por último destacamos aínda máis como problema puntual específico o impacto acústico que provocan as infraestruturas sobre a zona de marismas, que como xa se ten dito é un espazo protexido pola Rede Natura 2000, impedindo en certa medida o apousamento e lecer dalgunhas especies, sobre todo aves, que non abundan no resto dos ecosistemas.

¹⁰ A súa descrición excede o ámbito deste traballo.